

DO BIMILENARIO DE LUGO



AO ARDE LVCVS LUGO 2026

LEMBRANZA DO
BIMILENARIO DE LUGO
AO CUMPRIRSE O MEDIO SÉCULO
DA SÚA CELEBRACIÓN
E HOMENAXE AO ARDE LVCVS
NA SÚA XXV EDICIÓN
CO GALLO DA
XLVIII SEMANA DE CINE DE LUGO



O BIMILENARIO DE LUGO

Estimando que a fundación da Cidade de Lugo acontecera durante as guerras cántabras, entre o 27 e o 24 a. de X.C., considerouse momento para celebrar o bimilenario deste acontecemento ao comezo do último cuarto do século XX, e así, o Ministerio de Educación e Ciencia creou o correspondente Patronato o 12 de setembro de 1975.



Elixíuse como logotipo a proposta de Felipe Arias Vilas, Conservador do Museo Provincial, baseada no reverso dun as de bronce de Augusto.

Foi nomeado Comisario do Bimilenario o entón Delegado Provincial do Ministerio de Información e Turismo, José Luis Hernangómez Sastre, alma máter de todo o que en Lugo aconteceu arredor desta efeméride.



No discurso inaugural do Bimilenario, Álvaro Cunqueiro saudou Lugo como “a Roma de Fisterra”, e o Alcalde lucense, Tomás Notario, na clausura da celebración, invitaba aos lucenses a “aprestarse a iniciar con paso firme o terceiro milenio, co propósito decidido de merecer a herdanza recibida e saber transmitila coa mesma gloria”.

Coñecer a historia do BIMILENARIO DE LUGO, escrita por Adolfo de Abel Vilela, daranos cabal idea daquel esforzo magnífico co que empezou un novo tempo para a cidade de Lugo.



Fun secretaria de José Luis Hernangómez Sastre durante o seu tempo lucense. Era segoviano, home familiar, de magnífico trato, excelente persoa, e infatigable organizador.

A etapa do Bimilenario, axitada e fermosa, foi un esforzo extraordinario de todo o persoal da nosa Delegación, gobernado por este animoso e exemplar traballador, que daba exemplo permanente de entrega, ilusión e organización.

En Lugo quedamos numerosos amigos deste home especial, pero moitos deles foron deixándonos neste medio século transcorrido, tendo que subliñar que o maior vencello que lle quedou coa provincia foi o Belén de Begonte, polo que tiña especial devoción, e que o fixo Presidente de Honra.

M^a Juliana Fernández Iglesias



II

COUSAS DO BIMILENARIO COMEZO E LEMBRANZA



Informa Adolfo de Abel, cronista do Bimilenario, que a orixe primeira da celebración foi a invitación que o alcalde Fernando Pedrosa (1966-1973) recibiu de Badalona para o Bimilenario daquela cidade. Expuxo a idea de facer o mesmo en Lugo na reunión da Comisión Provincial de Monumentos do 5 de maio de 1973.

Felipe Arias, Conservador do Museo, suxire para o logo unha moeda de Augusto, e Luis Gómez Pacios e Adolfo de Abel fan o deseño. O logotipo apareceu na prensa por primeira vez, publicado por Xulio Xiz en El Ideal Gallego, o 1 de xuño de 1975.



Facía falla un Comisario, e apareceu José Luis Hernangómez, segoviano, delegado de Información y Turismo, e como en Segovia celebraran en 1974 o bimilenario do Acueducto, foi nomeado por unanimidade. O resto, é historia.


Quédanos como lembranza permanente o monumento que Vázquez Seijas propuxo erguer, e do que González Trigo redactou o proxecto (columna de Antas de Ulla, aguiá de Carbedo -escultura romana atopada no Caurel-).



A primeira escultura, que os lucenses chamaban “O Pombo”, non gustaba, pero estaba situada diante das Loterías San Marcos, e en 1976 caeu alí o gordo no 49.764, despachado xunto ao pombo. A racha seguiu, e caeron primeiros premios ata cinco veces.

Bocelo en El Progreso advertía que se se cambiaba o pombo “armábase o lío”. Pero o escultor xa traballaba nunha nova versión coas ás estendidas, e en setembro de 1977, cando a escultura estaba no chan para subila, os lucenses pasábanlle os décimos polo pico. A nova aguiá favorecería, seica, a sorte da lotería, o 25 de outubro de 1980, e ao día seguinte cunha quiniela de 208 millóns de pesetas.

En 1993, a escultura da aguiá instalouse nas Costas do Parque, aproveitando a súa ampliación. Son dez bloques de granito da leira de Fraguas, de Parga, no seu estado natural. Na parte superior dunha delas ancorouse a aguiá, creando un escenario salvaxe, acorde co hábitat desta ave.



III

DESCUBRINDO A HISTORIA

O COLOQUIO INTERNACIONAL SOBRE O BIMILENARIO DE LUGO

Unha das actividades de maior repercusión cultural da celebración do Bimilenario foi a organización dun Coloquio internacional en abril de 1976 sobre temas da Romanización do noroeste. Coa tutela e o apoio científico do catedrático de Arqueoloxía Alberto Balil, levaron o peso daquel encontro en Lugo Adolfo de Abel e Felipe Arias, ademais do Comisario dos actos daquel evento, José Luís Hernangómez.




Aberto ó público, participaron nel 15 profesores e investigadores, deles dez españois (tres galegos), dous franceses, dous alemáns e un italiano, e as sesións de traballo completáronse con visitas a lugares históricos da cidade de Lugo e tamén a Sta. Eulalia de Bóveda e ó Castro de Viladonga.

As Actas daquel Coloquio, editadas en 1977, tiveron unha enorme repercusión científica na bibliografía daquela época, pero ademais foron, e son aínda hoxe, unha referencia indubidable para coñecer moitos aspectos da Romanización no seu máis amplo sentido e tamén para o mundo prerromano e paleocristián galego.

Felipe Arias Vilas

Colaborador do Patronato do Bimilenario



CERTAMES INTERNACIONAIS DE XORNALISMO E RADIO

Foron convocados cadanseu Premio Internacional de Xornalismo e de Radio que foron gañados por Narciso Peinado, Evaristo Correa Calderón e Braulio Díaz Sal (en Xornalismo) e Marcial González Vigo e Julio Giz Ramil (o de Radio).

O conxunto de programas premiados no Certame de Radio, foi posteriormente publicado por Radio Popular de Lugo, co título de “El Dios de Roma que lloró por Lugo”.



IV

MEMORIA DO BIMILENARIO

A AGUIA DA PRAZA DE SANTO DOMINGO

No centro da parte superior da Praza de Santo Domingo, un aguia imperial, nun airoso pedestal, lembra a celebración do Bimilenario da Cidade de Lugo.

O deseño deste singular monumento foi obra do arquitecto lucense Antonio González Trigo, entón Conselleiro Provincial de Belas Artes.



Coméntanos o autor que o artista Luis Gómez Pacios, colaborador do Bimilenario, acudiu a el na procura de axuda técnica para a súa idea do monumento, e este acabou encargándose do deseño total. A aguia imperial encargóuselle ao escultor Santiago de Santiago, que confeccionou un primeiro traballo en bronce, no que a aguia aparecía con as ás pregadas, polo que os lucenses deron en chamarlle "O pombo". Aboouse o traballo ao escultor, pero diante do descontento dos lucenses coa obra, trasladouse a escultura á cabeceira das Costas do Parque, onde permanece.

Fíxose un segundo encargo, esixindo unha maqueta previa á escultura, maqueta que foi supervisada polo arquitecto lucense e o Director Xeral de Arquitectura no taller madrileño do escultor, para evitar erros.



Dada a conformidade ao deseño dunha aguia airosa, como corresponde á realidade histórica, instalouse definitivamente a escultura de bronce no seu pedestal, para señorear no alto a cidade antiga, e ser lembranza permanente da singular celebración.

Desde o Concello, tomamos parte moi activa no Bimilenario, e a todos os ministros visitei en demanda de apoio. Unha destas axudas (sete millóns e medio de pts.), foi para o monumento que coroa a Praza de Santo Domingo.

Se son fitos do desenvolvemento de Lugo a Estación de autobuses e retirada do tráfico do centro (García Siso) e a Operación Muralla Limpia (Ramón Falcón), o Bimilenario foi a grande operación para dar a coñecer no exterior a Muralla e a cidade de Lugo.

Tomás Notario Vacas
Alcalde de Lugo 1976-1977



CINE TRANSGRESOR NO BIMILENARIO

Voaba 1976 para quen, aínda adolescentes, tivemos a sorte de estar vivindo, sen sermos conscientes, o período de paz máis longo da historia de España. Todo era novo e fascinante no abrupto desembarco nos albores da liberdade. A nosa nebulosa cidade de tellados grises, frío, chuvia, sotanas e funcionarios tamén grises empezaba a espreguizarse.


Aquel ano en que o meu corazón palpitaba noite e día coma nunca, depáranos outra sorpresa: Descubrimos que tiñamos 2000 anos de antigüidade! Soubemos que eramos romanos, celtas e suevos e que a nosa Historia era épica e nobre. A cidade era un ferreiroiro constante de actos culturais e, por suposto, como non?, o cine, comunicador, innovador e transgresor coma ningunha outra arte, ofreceunos o mellor de si: aquel ano convulso de porrazos dos "grises" nas rúas e "porros" nos institutos, desembarcaron en Lugo e sen permiso dos nosos maiores cintas como "Furtivos", de Borau, "Matadero Cinco", de Roy Hill, "Jonás, que cumprirá 25 el año 2000", "Teorema", de Pasolini, na súa estrea en España, "Fabiola", de Blassati... Entre marzo e abril, dentro do amplísimo programa de festexos que duraron meses, a Semana Cinematográfica do Bimilenario (xerme da futura Semana de Cine de Lugo) atestou as salas con xente que por fin sacudía a "caspá", entrando noutra era con menos complexos e mentalidade máis ampla.



José M. López Cedrón
Notario

*Lembrando este cine medio século despois, larga vida á nosa Cidade!
Larga vida ao cine!*

José Manuel López Cedrón, Notario
(16 anos en 1976)



DO BIMILENARIO AO ARDE LCVS, LUGO 2026

O Bimilenario significou unha apertura de portas ao pasado e ao futuro, o comezo dun tempo novo, unha posta en valor da historia e do presente da cidade de Lugo.

Pasou un cuarto de século, e coa mesma ansia de dar a coñecer a historia e de recoñecernos nela, xurdiu o Arde LcvS... Se o Bimilenario foi cultural, social, histórico e educativo, o Arde LcvS foi festa desde o comezo, hai xa un cuarto de século.

VI

ARDE LVCVS

O Bimilenario foi un afortunado punto de partida para unha visión diferente do noso pasado, para unha concepción nova do que a historia significaba para o presente e para o futuro.

E hai que entender que un dos froitos daquel Bimilenario foi o comezo, vintecinco anos despois, do Arde Lvcvs, unha festa de recreación histórica que de tal xeito conquistou aos lucenses que hoxe goberna o noso calendario festeiro e transforma a cidade de Lugo por uns días na antiga Roma, pero máis variopinta, máis leda, máis vital e, sobre todo, máis igualitaria.




Cando veñen de cumprirse vinte e cinco anos do ARDE LVCVS, eliximos vinte e cinco instantáneas da fotografía BEGOÑA PÉREZ, e pedimos a vinte e cinco destacados lucenses opinión sobre o Arde Lucus, asignando aleatoriamente cadansúa foto a cada opinante. Son, polo tanto, vinte e cinco homenaxes á nosa Festa, que ofrecemos á consideración de todos os lucenses.



O Arde Lvcvs é unha gran película que Lugo roda cada ano para revivir a súa historia.

Un patrimonio inmaterial que cobra vida grazas ao compromiso e ao traballo das asociacións de recreación histórica que o fan posible.

Elena Candia



Lucus Augusti será inmortal mentras sexa recordado.

Marcos Iglesias Álvarez
César, no Arde Lucus



VII



*"O retorno rexoubeiro da
Gallaecia."*

Xosé Otero Canto



*"Orgullosos da nosa historia,
recordo de onde vimos."*

Francisco Javier Neira Pampín



*"Ave!!! Roma recreada en
Lucus Augusti."*

Julio Méndez Menéndez de Llano



*"Arde, Lucus! Nin a choiva te
apaga!"*

Tonina Gay



*"O Arde Lucus permítenos revivir
o noso pasado celta e romano da
man de asociacións e institucións
que cada ano amosan a mellor
cara da nosa amada Lucus
Augusti."*

Ana Traseira



VIII



"Lugo foi romana -aí están os vestixios que o amosan- e o Arde Lucus pon en valor esa herdanza e a nosa pertenza a esta fraga sagrada que foi morada dos deuses."

Isabel Pérez Fórneas



"A páxina mellor escrita, a que naceu no corazón dun pobo cunha historia de lenda."

Pablo Núñez



"O latexo romano que esperta á historia."

Ricardo Segundo López Méndez



"Un exemplo de asociacionismo comunitario local, que elaborou unha excepcional receita mesturando historia, arqueoloxía, exhibición e festa co agarimo pola nosa cultura e identidade."

Aurelia Balseiro



"O Arde Lucus atende a unha necesidade dos cidadáns de pertenza comunitaria ancestral, ofrece unha inversión social e lúdica, e dota á cidade cun relato propio dun pasado castrexo-romano."

Isidoro Rodríguez



IX



“Un decorado de cine onde todos nos sentimos actores en Roma. Arde Lucus e as súas chamas propáganse.”

Pilar Falcón



“O Arde Lucus une a veciños e visitantes a través da historia e o pasado romano da cidade.”

Mónica Santos



“O Arde Lucus ten o poder máxico de transformar Lugo no que foi, para que saibamos quen somos e de onde vimos.”

O Mago Antón



“O Arde Lucus é unha proba máis do éxito que pode chegar a alcanzar unha iniciativa privada, intelixente e sensata, cando é acollida e impulsada polas institucións públicas.”

Juan Soto



“O Arde Lucus é orgullo de cidade feito festa.”

Luis Latorre Real



X



“Vímolo nacer, e xa vimos de celebrarlle as vodas de prata ao Arde Lucus.”

Manolo da Ramón



“O Arde Lucus -historia transmitida, viva- consegue que maiores e nenos saibamos que temos historia, que os romanos nos legaron a muralla, o idioma e a Lei.”

Carmen Pérez Carro



“Un feito que, por riba da festa en si, ten conseguido unir a Lugo e aos lucenses como ningún outro.”

Paço Rivera



“O Arde Lucus é unha celebración para non esquecer a nosa historia.”

Branca Rodríguez Pazos



“Unha vez ao ano, a cidade de Lugo viaxa no tempo para revivir o seu pasado castrexo e romano. Unha festa de todos.”

José Manuel Rozas



XI




“Lugo: un pobo, dous mundos e un lume eterno.”

José Carlos Ulloa



“O Arde Lucus é a identificación de Lugo coa súa grandiosa historia, coa que todos os lucenses nos sentimos identificados, e que eses días reconstruímos.”

Manuela López Besteiro



“Cada Arde Lucus celebramos ser herdeiros dunha cultura ancestral, esculpida a través do tempo nunha cidade onde o pasado volve á vida, nas súas rúas se mesturan maxia e fantasía, e o pobo se sente orgulloso da súa historia e das súas tradicións.”

Manuel Buján



Neste ano do histórico eclipse, con motivo da XLVIII Semana de Lugo, quixemos honrar a rotunda conxunción cronolóxica dos dous acontecementos máis relevantes en relación coa historia cultural da cidade nos últimos tempos.

Se o Bimilenario foi o comezo, o Arde Lucus é un dos seus maiores froitos a medio prazo, que todos disfrutamos, apoiamos, e desexamos continúe polas mil primaveras coas que medía Cunqueiro as cousas máis valiosas para nós.

Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá - Colectivo Egeria
Lugo, 2026.

